

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretaria accidental D<sup>a</sup>. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia de don Bernabé Louro Paz**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela , con base de formigón de 20 cm de altura, postes e tea metálica, de aproximadamente 140 mts de lonxitude en fronte e viais, situado en Trobe, en solo de expansión de núcleos rurais (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: segundo as aliñacións grafiadas no PXOM deberá recuarse 10,50 mts do eixe da estrada AC-241 e 6,00 mts respecto do eixe do vial municipal, respectando un radio mínimo de 2,00 mts para o trazado en curva do empalme entre ámbolos dous viais; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha ser-

vidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de non quedar perfectamente rematado irá revestido e pintado coas cores tradicionais. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de elementos diáfanos e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e catro euros con doce céntimos (#54,12#)

2.2.- Instancia num. 1.294/09 da Asociación de Veciños de San Pedro de Sarandón

Dáse conta da citada instancia na que don José M. Barco Carril, en representación da Asociación de Veciños San Pedro de San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento da parcela do local social con base de bloques, postes e arame e máis para obras de conservación de muro de contención, situadas en San Pedro, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, así como a axención das taxas e impostos municipais correspondentes .

A Xunta de Goberno acorda:


1º.- Á vista do informe favorable do técnico municipal, concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: deberase recuar o cerramento 6,00 mts respecto do eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica e vexetación. Ademais as obras a executar no muro de contención limitaranse ás de conservación non estrutural, comprendidas nas licenzas de obra menor, sen afectar en ningún caso á estabilidade ou seguridade do mesmo

2º.- Concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social

2.3.- Instancia num. 1.054/09 de don Gerardo Albela Lema

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a legalización dun almacén anexo á panadería, situado no lugar de San Gregorio, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Marcos Pérez Cachafeiro cun orzamento de 28.753,00 euros

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: de acordo co establecido no artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación ur-



banística e protección do medio rural de Galicia, a fachada deberá revestirse e pintarse e a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de seiscientos trinta e cinco euros con seis céntimos (#635,06#)

### **3º.- Ratificación, se procede, de Resolución da Alcaldía**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xullo do ano que andamos, que di o seguinte:

“Este concello acordou , por Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de xuño, participar no *Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)*, e solicitar o financiamento de dúas novas actuacións: *Mellora do firme en viais municipais* (orzamento total: 53.863,18 euros) e *Instalación de tabiquería móvil en el Museo Modesto Paz Camps* (Orzamento total: 30.000 euros)

Detectado erro na solicitude e na documentación remitida , no que se refire á denominación da actuación Instalación de tabiquería móvil en el Museo Modesto Paz Camps

En función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente

#### **RESOLVÍN:**


1º) Modificar a denominación da actuación solicitada, debendo figurar “ *Instalación de tabiquería móvil no Museo de Vedra*”

2) Comunicarlle á Deputación Provincial a citada modificación e remitirlle os exemplares correspondentes da memoria corrixida”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución

### **4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva da subministración dun vehículo tipo tractor**

Con data sete de xullo do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L, con NIF B-15.012.263 e domicilio social en Vía Isaac Peral nº 21-15890 Poligono do Tambre (Santiago de Compostela), o contrato da subministración dun vehículo tipo tractor con apeiros ó ser o licitador que acadou a maior puntuación no procedemento (53 puntos), publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)) con data oito de xullo



Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de subministración dun vehículo tipo tractor con apeiros, coas seguintes características:

1.1.- O prezo total de adxudicación ascende á cantidade de cento vinte e sete mil trescentos (#127.300#) euros (IVE engadido), segundo a oferta presentada polo licitador adxudicatario, que representa unha baixa de cincuenta e seis euros con corenta céntimos (#56,40#)

1.2.- Os bens obxecto da adquisición será os que de seguido se relacionan, coas características e melloras (Chasis, cabina,...ctc) ofertadas polo licitador-adxudicatario tal e como se describen no seu documento de referencias técnicas, e que para a súa debida constancia e cumprimento, deberán engadirse no anexo que proceda ó contrato que se suscriba

1.2.A.- Tractor marca John Deere, modelo 6630, 6 cilindros e 6780 CC de cilindrada, con chasis integral de 130 CV de potencia nominal e 137 CV de potencia máxima; bastidor integral de aceiro de alta resistencia: dobre tracción con suspensión hidroneumática TLS111

1.2.B.- Desbrozadora lateral de brazo avanzado marca ORSI, modelo Visual Ventral 587 de 5,8 mts de alcance de traballo lateral; bomba de 65 CV de potencia; monomando JOYSTICL eléctrico-hidráulico e servoproporcional

1.2.C.- Pá cargadora marca John Deere BMH, modelo 6000 4XD II, de 4 cilindros con elevación a dobre efecto; altura de elevación: 4.150mm; capacidade de elevación a altura máxima: 1.500 kg e cazo de áridos reforzado de 2,25 m de ancho e 740 litros de capacidade.

#### Maquinaria ofrecida sen custo adicional:

1.- Equipo herbicida marca MOVICAM , modelo MCL-40, de 400 l de capacidade con depósito de polietileno e lavamáns, provisto de 20 mts de manhueira e dúas pistola

2.- Barredoria marca AGRC, modelo WUM-24-G adaptable á pá cargadora, con cazo de gran capacidade de carga


3.- Cortacésped profesional marca John Deere , modelo 7H17, motor Kawasaki de 17 CV de 2 cilindros, transmisión hidrostática con velocidades infinitas. Ancho de traballo: 122 cm

1.4.- O prazo de entrega é de 25 días

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 511-623 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a adxudicación definitiva ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo para o seu coñecemento e efectos así como para dar inicio ós prazos seguintes:



4.1.- O prazo de entrega do subministro de acordo co disposto nas cláusulas V e VI do prego de cláusulas administrativas e oferta técnica do adxudicatario (prazo de entrega 25 días)

4.2.- o prazo para a formalización do contrato

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante e no BOP , de acordo co establecido no artigo 138.2 da Lei 30/2007

#### 5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, dos meses De xuño e xullo. Importe 270,35 euros

Quilometraxe do arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez dos meses de maio, xuño e xullo. Importe 46,20 euros

Quilometraxe da funcionaria dona M<sup>a</sup>. Teresa Amenal do mes de xullo. Importe 16,30 euros

Quilometraxe da axente de emprego dona M<sup>a</sup>. Cruz Vilas por viaxe a Culledro para devolución dos cadros da exposición de pintura. Importe 52,50 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio Sanz do mes de xuño. Importe 73,08 euros

Horas extraordinarias do traballador do servizo de recollida de lixo don Juan Duarte Porto dos meses de xuño e xullo, para o lavado dos colectores. Importe 296,88 euros

Horas extraordinarias do traballador do servizo de recollida de lixo don Jesús Fernández Pereira dos meses de xuño e xullo, para o lavado dos colectores. Importe 261,44 euros

Indemnizacións por asistencia a Mesas de Contratación e Comisión Asesora Técnica para a subministración dun vehículo tipo tractor con apeiros, dos seguintes Sres/Sras:

|  |              |
|--|--------------|
| D <sup>a</sup> . Lucía González Louro .....      | 37,40 euros  |
| D. Carlos Martínez Carrillo.....                 | 56,42 euros  |
| D. José Alvela Edreira .....                     | 28,21 euros  |
| D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo                | 122,03 euros |
| D. Carlos J. Sanmartín Carrera.....              | 56,42 euros  |
| D <sup>a</sup> . María Canedo de la Torre.....   | 28,21 euros  |
| D. Antonio Mosteiro Torres.....                  | 28,21 euros  |
| D. Juan Jesús de la Fuente Torres....            | 28,21 euros  |
| D. Juan Duarte Porto.....                        | 28,21 euros  |
| D <sup>a</sup> . Mercedes Pereiras Caldelas..... | 112,20 euros |



Indemnización ós membros da Mesa de Selección dos procesos selectivos para cubrir seis prazas de peón especialista de protección civil e cinco prazas de peóns especialistas para brigada verde-servizos varios:

|   |             |
|---|-------------|
| D <sup>a</sup> Victoria Negrín Collazo .....    | 94,12 euros |
| D <sup>a</sup> Begoña I. Beis Gómez .....       | 87,10 euros |
| D <sup>a</sup> M. Cruz Vilas Giadanes .....     | 70,30 euros |
| D. José Ignacio Munín Castelao .....            | 70,30 euros |
| D. Rogelio Lareo Mougán .....                   | 70,30 euros |
| D <sup>a</sup> Mercedes Pereiras Caldelas ..... | 77,32 euros |

Fondo social do traballador don José Pérez Fente, por gastos de odontoloxía, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 337,50 euros

Fondo social do funcionario don Carlos J. Sanmartín Carrera, por gastos de odontoloxía, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 105,00 euros

Xornadas de traballo do Tenente de Alcalde, don José A. Sánchez, do 2º trimestre e asistencia a consellos escolares. Importe 300,00 euros

Importe das chamadas oficiais co teléfono particular de Miriam Fernández Neira da piscina no mes de xuño. Importe 38,35 euros

Factura num. 15/2009 de Don José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de xuño. Importe 2.436,00 euros

Factura num. 13/2009 de Manuel Anxo López Felpeto por intervención arqueolóxica realizada con motivo do estudo de afección sobre do Patrimonio Cultural nos ámbitos especiais atinxidos pola modificación puntual nº 1 do PXOM. Importe 2.282,88 euros

Factura num. 15 de Mercedes Rosón Varela por dirección da obra de edificación multiusos no campo da festa de Trobe, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local. Importe 4.060,00 euros

Factura num. 22 de Panadería Raviña por pinchos para a final da copa de fútbol-sala. Importe 31,20 euros

Factura num. A/6.307 de Sistemas de Seguridade A-1, S.L por mantemento do sistema de alarma da Casa do antigo xulgado. Importe 459,38 euros

Factura de Decathlon por cinta de andar para ximnasio. Importe 516,38 euros

Facturas por gastos de gorros e outros para a piscina municipal. Importe 26,00 euros

Billetes de autobús do voluntario de protección civil don Manuel González Penido. Importe 93,00 euros



Factura de Unión Fenosa correspondente ó punto limpo no mes de xuño. Importe 39,62 euros

Listado de facturas de Unión Fenosa correspondentes a locais municipais no mes de maio. Importe 1.040,17 euros

Listado de facturas de Unión Fenosa correspondentes a locais municipais no mes de xuño. Importe 6.104,53 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de xullo. Importe 1.495,19 euros

Recibo de Canalsatélite Digital, S..L por canal + para a Casa da Terceira Idade en xullo. Importe 34,95 euros

Recibo de Siemens Renting, S.A correspondente á fotocopiadora da planta baixa da Casa do Concello en xuño. Importe 548,85 euros

Recibos de Editorial Compostela por suscripción ó xornal nos meses de xuño e xullo. Importe 76,00 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscripción ó xornal no mes de xuño. Importe 30,00 euros

Recibos de Securitas Direct España, S.A por mantemento alarmas en diversos locais municipais no 3º trimestre. Importe 544,61 euros

Factura de Proel Ascensores, S.L por mantemento ascensor do CPI de Vedra. Importe 217,52 euros

Recibo de Catalana Occidente, S.A por seguro para a exposición de pintores. Importe 106,30 euros

Factura de don Genaro Barreiro por vaciado de fosas sépticas en Laraño nos meses de xuño e xullo. Importe 360,00 euros

Factura de Panadería O Carrollo S. L por pan para a sardiñada da terceira idade. Importe 73,20 euros

Gastos de inscricións dos menores David López Varela na ludoteca municipal e Thainara Mendonca da Silva no campamento deportivo da Deputación. Importe 170,00 euros

Factura de MRW por remisión de documentación urxente . Importe 28,00 euros

Recibos por materiais diversos para a ludoteca. Importe 89,05 euros



Factura num. 204946 de lavandería La Económica por lavado de sabas e almofadas para a escola de música de Vedra. Importe 35,02 euros

Factura num. N048207 de Ricoh por mantemento fotocopiadora dos servizos sociais. Importe 152,75 euros

Factura num. SPA/56779/2009 de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por concerto prevención e vixiancia da saúde. Importe 359,92 euros

Factura num. P 904.845 de Editorial Compostela, S. A por concerto publicidade, segundo convenio asinado. Importe 517,65 euros

Factura num. 1781 de Guadalupe J. García Cabal por impartición de curso de manualidades no mes de xuño. Importe 595,00 euros

Factura num. VD 06/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de xuño. Importe 5.113,34 euros

Factura num. 09/8 de José M<sup>a</sup>. Freiría Suárez por servizo de limpeza no mes de xuño. Importe 3.318,60 euros

Factura num. 2009188 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento do alumeadado público en xuño. Importe 2.262,06 euros

Factura num. 93004595 de Foga por consumo da fotocopiadora da planta baixa da casa do concello. Importe 1.104,35 euros

Factura num. 74899 de Grupo Apyde por alumeadado público de Caldelas- Ponte Ulla no mes xuño. Importe 173,85 euros

Factura num. A00012610 de MRW do mes de xuño. Importe 70,30 euros

Factura num. 01857177 de Adif por alugamentos dos locais da estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de xullo. Importe 377,61 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente á sede de Protección Civil do mes de xuño. Importe 79,13 euros

Factura num. 011/09 de Rubén Villasenín Iglesias por servizo de formación no marco do proxecto Vedra Elemental. Importe 928,00 euros

Recibo de Mafre Familiar por seguro cursos de natación na piscina municipal. Importe 382,81 euros

Facturas de Vodafone España, S.A.U - Tele 2 do mes de xuño. Importe 706,21 euros

Facturas de Vodafone España S.A.U do mes de xuño. Importe 724,83 euros





Factura nº 1620 de Restaurante Aldea Grande por comida dos participantes na baixada do río Ulla en piragua organizada polo Concello. Importe 897,00 euros

Factura nº 98 de Agrupación de Veteranos por arbitraje dos partidos da copa de fútbol-sala. Importe 432,00 euros

Factura nº 177 de José Manuel Segade Martínez por mobiliario lúdico para a ludoteca. Importe 997,60 euros

Factura nº 4 da Banda Municipal de Brión por actuación o día 24-05-2009 incluída no programa de Música e Teatro para grupos non profesionais da Deputación Provincial. Importe 1.050,00 euros

Factura nº 290757 de Artes Gráficas Litonor por impresos de fichas para o programa Ulla Elemental. Importe 131,08 euros.

Factura nº 290770 de Artes Gráficas Litonor por carteis para a XII concentración de moteiros Val do Ulla . Importe 226,99 euros

Factura nº 04 de Fundación Refuxio de Animais de Bando por cota do primeiro cuatrimestre de 2009 e cans recollidos. Importe 3.359,60 euros.

Factura num. 3043 de Gallega de Publicidade, S.C por mochilas, casimetas e gorras. Importe 424,56 euros

Factura num. 158 de Hotel América -Consuelo Rodríguez Taboada por aloxamento de grupos participantes en Vedra Rock. Importe 385,20 euros

Factura num. 09-1201 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde das obras de Abastecemento en Merín e Saneamento Reboredo - Ponte Ulla, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local. Importe 559,93 euros

Factura num. 09-1202 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde das obras de Peche pista polideportiva de Paradela; Porche na casa parroquial de San Andrés de Illobre; Peche da parcela do cemiterio de Ponte Ulla e acondicionamento e ampliación do local social de San Pedro de Sarandón, incluídas no FEIL. Importe 1.100,94 euros

Factura num. 945 de SBF, S.L por toner para a oficina de turismo. Importe 73,95 euros

Factura de Café -Bar O Candil por comidas dos participantes no antroido 2009. Importe 342,00 euros

Factura num. 147 de Viajes Peillet, S.L por excursión das escolas unitarias. Importe 128,40 euros

Factura num. 143 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes na ludoteca en xuño. Importe 722,23 euros



Factura num. 144 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Rodeiro coas membros da terceira. Importe 267,50 euros

Factura num. 145 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Santiago cos participantes no curso de educación de adultos. Importe 401,25 euros

Factura num. 146 de Viajes Peillet, S.L por viaxe cos nenos do colexio de Ortigueira a Vedra, para visitar a exposición de pintores. Importe 107,00 euros

Factura num. 20585 de Restaurante Villa Verde por comida con motivo da clausura da exposición de pintores. Importe 595,94 euros

Factura num. A56 de Manuel Núñez Rúa por material de limpeza para a casa do concello. Importe 284,85 euros

Factura num. A70 de Manuel Núñez Rúa por material de limpeza e hixiénico para o centro de saúde. Importe 275,33 euros

Factura num. A51 de Manuel Núñez Rúa por material de limpeza para as escolas unitarias. Importe 286,96 euros

Factura num. 31 de Librería Avenida por premios para o II Certame de cartas de amor e desamor. Importe 180,00 euros

Factura num. E/68 de O Forno da Ulla, S.L por auga para as escolas unitarias. Importe 17,69 euros

Factura num. 327940 de Zorelor, S.A por produtos de limpeza para o CPI de Vedra. Importe 182,12 euros

Factura num. 203-282/9 F de Aquagest, S.A por instalación de rede de abastecemento no tramo afectado polas reformas da estrada AC-241, segundo orzamento aprobado pola X.G de data 29/07/2008. Importe 3.650,09 euros

Factura num. 9001918 de Ofitiendas por ordenador para a biblioteca municipal. Importe 358,44 euros

Factura num. 090011pa00307 de Radio Galicia por especial concellos democráticos. Importe 348,00 euros

Factura num. 291/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade en xuño. Importe 38,52 euros

Factura num. 290/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús do mes de xuño. Importe 46,20 euros

Factura num. 587/2009 de L.Secope, S.A por retirada de plástico e cartón no mes de xuño. Importe 253,13 euros



Factura num. A-107/09 de Gráficas Esteiro por cartaces e gravado de camisetas para Vedra Rock. Importe 1.056,00 euros

Factura num. 416 de Socyser pola contratación de dúas auxiliares de axuda no fogar. Importe 3.951,00 euros

Factura num. 00918 de Amextreme Kayak por roteiro para as actividades de piragüismo. Importe 1.100,50 euros

Factura num. 15 de Miguel Camino por arranxos na piscinas e outros no mes de xuño. Importe 2.371,04 euros

Factura num. 2009/1808 da Sociedade Galega do Medio Ambiente por tratamento dos residuos sólidos de Vedra no mes de xuño. Importe 7.594,64 euros

Factura num. 20090089 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 563,89 euros

Factura num. 29 4284 de Ulla Oil, S.L por gasóleo bonificado para os tractores. Importe 821,94 euros

Factura num. 5609200968004605 de Probisa por mezcla bituminosa para bacheos. Importe 315,13 euros

Factura num. 1902186 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por brazo elevador para tractor. Importe 267,96 euros

Factura num. 22013612 de Initial Textiles e Higiene, S.L por retirada de unidades hixiénicas na Casa do Concello e na Garderia municipal. Importe 248,45 euros

Facturas nums. A/566 e A7572 de Barreiron Mayor, S.L por papel para impresoras. Importe 306,41 euros

Facturas nums. 906/7 e 906/8 de FPV por vestuario para a brigada de obras e para o servizo de recollida de lixo. Importe 547,90 euros

Cota de afiliación á Fegamp. Importe 213,00 euros

Factura num. 169 de José Manuel Segade Martínez por soportes para paneis para expositores. Importe 368,88 euros

Factura num. 170 de José Manuel Segade Martínez por arranxos varios. Importe 483,72 euros

Factura num. 09/03173 de Inteman por pintura e outros para vías públicas. Importe 212,98 euros

Factura num. 09/06266 de AB Laboratorios de Biotecnología, S.A por materiais de limpeza para o CPI de Vedra. Importe 888,91 euros



Factura num. OCV.006 de Promotora Matimán, S.L por traballos realizados na pista polideportiva de Paradela. Importe 2.778,20 euros

Facturas de Puente Ulla, S.L por gasóleo e accesorios para o camión de recollida de lixo en xuño. Importe 1.198,74 euros

Factura num. 71 de Aluminios Vedra - Jaime Gómez Souto y otro, S.C por xunquillo lacado verde. Importe 38,28 euros

Factura num. F/43 de Castromil, S.A por bonobús do mes de xuño. Importe 113,00 euros

Factura num. 2009/0665 de Señalizaciones D.L.C, S.L por carteis para obras de particulares, a repercutirille ós promotores. Importe 170,43 euros

Factura num. 09-00609 de Sapa Conte. Y servicios, S.L por transporte de materiais do punto limpo en xuño. Importe 649,00 euros

Facturas nums. 9/215, 9/214 e 9/213 de Mapoca, S.L por materiais diversos para obras municipais. Importe 380,25 euros

Factura num. 229 de Droguería -ferretería El Sol por papel hixiénico e outros para o CPI de Vedra. Importe 83,30 euros

Factura num. 289 de Droguería -Ferretería El Sol por materiais para o servizo de limpeza. Importe 428,06 euros

Factura num. 09 255 de Maderas Lata por taboleiros para o brigada de obras. Importe 96,28 euros

Factura num. 09.023 de Topodex Galicia, S.L por perfil saneamento Socastro -San Mamede, incluída no FEIL. Importe 290,00 euros

Factura num. 290.696 de Artes Gráficas Litonor por carteis e catálogos para a exposición de pintores. Importe 1.265,52 euros

Factura num. 290.708 de Artes Gráficas Litonor por carteis para a romaría do San Cristovo. Importe 219,24 euros

Factura num. 290.725 de Artes Gráficas Litonor por boletín do mes de xullo. Importe 605,28 euros

Factura num. N086369 de Ricoh España S.L.U por mantemento fotocopiadora da casa do concello. Importe 201,27 euros

Facturas nums. 0334/E09, 0333/E09 e 0332/E09 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal. Importe 3.420,58 euros

Factura num. 902.123-0 de Porto por materiais para o servizo de fisioterapia. Importe 252,20 euros



Listado de Unión Fenosa correspondentes a alumeados públicos en maio. Importe 15.915,47 euros

Listado de Unión Fenosa correspondentes a alumeados públicos en xuño. Importe 13.224,50 euros

Taxas de publicación no DOG de anuncio de aprobación definitiva de estudo de detalle en Santa Cruz Cruz de Ribadulla. Importe 276,42 euros

Factura de Patricia A. Fernández García por Obradoiro práctico sobre autoestima o día 20/07/2009. Importe 70,00 euros

Factura num. 2/09 de Oito Nun Piso, S.C por concerto dos chiquilicuatres na Festa do Viño. Importe 1.499,88 euros

Factura num. 2009/30 de ARC Ingeniería - Asesores Consultores Gestión y promoción de Energías ARC, S.L por dirección da obra de Abastecemento en Merín, incluída no FEIL. Importe 385,14 euros

Factura num. 2009/40 de ARC Ingeniería - Asesores Consultores Gestión y promoción de Energías ARC, S.L por dirección da obra de Saneamento en Socastro, incluída no FEIL. Importe 1.644,82 euros

Factura num. 1715 de Copy Estudio, S.L.U por copias de planos. Importe 1,80 euros

Factura num. 56.945 de Recambios Santiagueses, S.L por bomba e outros arranxos na desbrozadora. Importe 1.630,83 euros

Factura num. 12/09 de Rubén Villasenín Iglesias por quilometraxe dos meses de abril, maio e xuño. Importe 54,91 euros

Factura num. 1.087/09 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 301,39 euros

Factura num. 36.268 de Fremsa -Frenos y Embragues Santiago, S.L por graxa e outros para os vehículos municipais. Importe 100,22 euros

Factura num. N112549 de Ricoh España por mantemento de fotocopiadoras das bibliotecas e casa do concello. Importe 279,00 euros

Factura num. 4000356701 de Correos por remisión de correspondencia con franqueo pagado en xuño. Importe 564,08 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco José Souto Rial por impartición de clases de baile rexional na casa de cultura de San Xián no mes de xullo. Importe 150,64 euros



Factura num. SPA/66762/2009 de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por concerto prevención integral e vixiancia da saúde no mes de xullo. Importe 359,98 euros

Factura num, 906/26 de Alquimao, S.L por puntais para a brigada de obras. Importe 9,28 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

## 6º.- Outros asuntos

### 6.1.- Certificacións de obras

Dáse conta da certificación num.1 da obra de *vestiarios do campo de fútbol de San Mamede (1ª fase)*, levada a cabo por administración, con cargo á convocatoria de subvencións para cultura e deportes da Deputación provincial (expediente F0102A2008/000118) do ano 2008, por importe de trinta e nove mil sesenta e un euros con sesenta e seis céntimos (#39.061,66#) , sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

### 6.2.- Subvención para actividades deportivas

En función da proposta da Comisión Avaliadora , a Xunta de Goberno acorda conceder as seguintes subvencións para actividades deportivas, con cargo á partida 452-489:

\*CLUB OLÍMPICO DE VEDRA: 4.270,00 EUROS

\*FCF RIO ULLA: 2.200,00 EUROS

\*C.D. SAN MAMEDE: 3.700,00 EUROS

\*ED RIBADULLA: 3.300,00 EUROS

\*U.D. VAL DO ULLA: 530,00 EUROS

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e trinta minutos

